

2023 -
2027

PROXECTO EDUCATIVO: PROXECTO EDUCATIVO: CEIP VILAVERDE-MOURENTE

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 24/10/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 24/10/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

Táboa de contido.....	2
1. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	3
1.1. RESUMO HISTÓRICO.....	3
1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA.....	3
1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	4
2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE.....	5
3. O CENTRO.....	7
3.1. INSTALACIÓNS.....	7
3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO.....	8
3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS.....	9
3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	10
3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	11
3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	11
4. OBXECTIVOS.....	14
5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	24
5.1 ÓRGANOS DE GOBERNO.....	24
5.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	24
5.3 DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	26
6. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	27

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. RESUMO HISTÓRICO

O CEIP VILAVERDE foi construído en 1973, púxose en funcionamento no curso 1974/75 co nome de CPC VILAVERDE-MOURENTE, agrupando todas as escolas unitarias de Mourente, a Graduada Os Campos de Monteporreiro, as escolas unitarias da parte leste da cidade de Pontevedra (unha en Loureiro Crespo, unha na Avda de Lugo e unha en San Mauro, ...) Tamén se incorporaron ao Centro na Segunda Etapa de EXB alumnado de Marcón, Bora e Tomeza.

Construído para 16 unidades de EXB dentro do Plan de Urxencia para a posta en marcha da Lei de Educación de 1970 impulsada polo ministro Villar Palasí, o deseño interior estaba pensado para pór en aplicación o modelo de Educación Personalizada (movemento renovador cuxa teoría completa no noso país se debeu a Víctor García Hoz). O centro tiña unha serie de espazos abertos para levar a cabo diferentes agrupamentos do alumnado; aulas coloquiais, espazos para pretecnoloxía, plástica, laboratorio, idiomas,... As dificultades para levar a cabo un cambio metodolóxico tan profundo e sobre todo a necesidade de escolarizar un número de alumnos e alumnas moi superior ao previsto inicialmente, fixeron que moitos espazos abertos, os espazos de talleres e o propio comedor (que non chegou a funcionar), se convertesen en aulas.

Posteriormente, construíronse dúas aulas para educación infantil de 4 e de 5 anos. No curso 1991-92, púxose en marcha, de forma experimental, a unidade de 3 anos baixo a LOXSE.

Coa Lei Orgánica (LOE) 2/2006 do 3 de maio, o centro albergou a alumnado desde 4º de infantil ata 6º de primaria. Actualmente, coa LOMLOE, acolle alumnado das etapas e niveis anteditos.

Nos últimos anos fixéronse algúns arranxos na distribución de espazos, tanto en corredores como en aulas e mesmo no patio. Púxose en marcha o horto escolar e os patios dinámicos e inclusivos.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O CEIP VILAVERDE-MOURENTE, está situado na periferia de Pontevedra. Nel escolarízase alumnado que maioritariamente procede da parroquia de Mourente e da parte leste da cidade de Pontevedra.

Esta é unha zona habitada por familias novas, dun nivel socio económico de tipo medio. Un número significativo, tanto de nais como de pais, forma parte do funcionariado. As familias, inda coñecen o galego, teñen o castelán como lingua de comunicación máis habitual, tanto entre elas como cos seus fillos e coas súas fillas.

A gran maioría do alumnado ten como lingua materna o castelán, menos dun 10% o galego e unha pequena porcentaxe, un 2% aproximadamente, o árabe.

Na zona existen varios centros e institucións, por exemplo, un Conservatorio de Música (CMUS Manuel Quiroga), un centro de saúde, unha escola infantil de primeiro ciclo "A galiña azul A Parda", un centro educativo concertado, a sociedade cultural e deportiva de Mourente, a cidade infantil Príncipe Filipe, o Hospital Montecelo, os Xulgados...

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Escolarizamos na actualidade no centro 428 alumnas e alumnos (220 nenas e 208 nenos), 19 grupos, 13 de E. Primaria e 6 de E. Infantil, 2 grupos por nivel a excepción de 3º EP no que hai tres grupos. O cociente por aula é de 25 alumnas e alumnos, en 4º EP, 2º EP e 6º EP A; de 24 en 4º EI, en 5º EP e en 6º EP B; de 23 en 5º EI A e en 6º EI; de 22 en 1º EP B; de 17 en 3º EP. A maioría do noso alumnado, como xa dixemos, procede da parroquia de Mourente e da parte leste da cidade de Pontevedra, tamén contamos con alumnado estranxeiro procedente de Marrocos (3 nenas e 5 nenos), e de familias de orixe en distintos países de América do Sur (4 nenas e 1 neno). O nivel socioeconómico é medio, hai alumnado de zonas rurais, aínda que a maioría procede do entorno urbano (unha zona de crecemento da cidade con familias xoves con fillas e fillos en idade escolar).

O noso centro presenta un alto número de alumnado con neae que é atendido de acordo co principio de inclusión, a súa distribución por niveis é a seguinte:

Curso	Grupo	Nº alumnado	Nº de alumnado repetidor	Nº alumnado con NEE
4º EI	A	24	0	2
4ºEI	B	24	0	2
5ºEI	A	23	0	0
5ºEI	B	22	0	1
6ºEI	A	23	0	1
6ºEI	B	23	0	3
1º EP	A	21	0	1
1º EP	B	22	0	2
2ºEP	A	25	0	7
2º EP	B	25	0	6
3ºEP	A	17	0	2
3º EP	B	17	0	2
3º EP	C	17	0	3
4º EP	A	25	0	2
4º EP	B	25	0	4
5º EP	A	24	0	6
5º EP	B	24	0	4
6º EP	A	25	0	3
6º EP	B	24	0	4

Ademais contamos con numeroso alumnado que presenta necesidades educativas non permanentes como dislalias, evolutivas e simples, con baixa competencia no uso do idioma por procedencia do estranxeiro e moitas dificultades na lectoescritura, con retraso na linguaxe expresiva, problemas de fluidez, con retraso académico por dificultades no procesamento da información, con retraso académico grave...

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O CEIP Vilaverde loitará para que todas as súas actividades e xestión se rexan polos **valores** democráticos, a **igualdade de oportunidades**, a **inclusión**, a **non discriminación** en razón do sexo, identidade, raza, ideoloxías,... a **participación**, o **respecto** e o **diálogo**.

O alumnado formarase nos hábitos de cooperación, no respecto á igualdade, aos dereitos das persoas e na aceptación da diversidade e diferenza, resolverá os conflitos mediante o diálogo e coidará do medio ambiente. A liña metodolóxica terá enfoque integrador de áreas e materias e funcional, sociocontrutivista tendo ao alumnado como protagonista e ao profesorado como guía dun proceso que concede unha especial relevancia á atención á diversidade e ás actividades en equipo.

Así, pois, o CEIP Vilaverde

- Aposta polo principio de coeducación, pola igualdade efectiva entre homes e mulleres, pola non discriminación en razón de sexo, por iso procurará nas súas actuacións, programas, decisións, intervencións e tarefas utilizar a perspectiva de xénero. Analizará os espazos, os recursos e materiais que emprega de xeito que potencien a igualdade e non conteñan sexismo nin na distribución, nin no trato, nin na linguaxe, nin nos contidos, nin nas imaxes,... Incluirá no seu currículo a perspectiva de xénero de cara a ter un currículo igualitario que recolla as achegas das mulleres en diferentes eidos, evitando a visión androcéntrica nos contidos verbais e iconográficos. Amosará identidades igualitarias diversas que permitan amosar novos modelos de diversidade sexual e familiar, promocionará masculinidades igualitarias/comprometidas coa igualdade. Programará actividades con perspectiva de xénero, e promoverá e deseñará actuacións positivas de cara á visibilización da muller, tanto no eido social como no histórico, cultural e científico. Comprométese no uso dunha linguaxe non sexista, unha linguaxe inclusiva nos documentos e nas comunicacións que realice co alumnado, coas familias, coa comunidade educativa e cos diferentes organismos cos que colabora e se relaciona. Recollerá no plan de igualdade todas as accións necesarias para facer efectivo este principio no centro. Incluirá a perspectiva de xénero en todos os documentos de centro: NOFC, plan de convivencia, PAT, PAD, etc..

- Adhírese ao principio de inclusión como maneira de dar resposta á diversidade presente na escola e como un dereito de todas as nenas e todos os nenos. Todo o alumnado debe sentirse incluído, acóllese a diversidade, as prácticas educativas que tiren proveito delas e loitarase pola minimización de barreiras para que todas e todos participen sen exclusión ningunha de capacidade, sexo, ideoloxía, cultura, características físicas,... . Deseñaranse actuacións que fagan efectivo este valor para todas as nenas e todos os nenos do centro sen discriminación dende os primeiros días de escolarización a través dos respectivos plans de acollida e adaptación e ao longo do curso a través de fórmulas de traballo e adaptacións de recursos materiais, organizativos e humanos que así o precisen, solicitando á administración aqueles que cumpran para facer efectivo este dereito de xeito adecuado. O plan de atención á diversidade recollerá as medidas (organizativas, metodolóxicas e avaliadoras, titoriais, sociais, curriculares,...), actuacións e programas necesarios. Apostamos polo deseño de contextos e situacións de aprendizaxe que permitan traballar nun mesmo espazo, sobre un mesmo tema a alumnado heteroxéneo e que realice actividades e aprendizaxes distintas con igual valoración. Iso significa rexeitar todos os programas, sistemas avaliativos e deseños que discriminan e segregan a determinado alumnado. Asumimos a diversidade do Centro en todos os sentidos e aceptamos o compromiso dun traballo docente en cooperación e dentro da inclusividade (non segregación, apoios dentro de aula e no contexto do seu propio grupo-clase, evitación de aulas preferentes e/ou aulas de PT e AL, uso da

innovación, ...) e procuramos na liña da actual lexislación camiñar cara a un deseño unificado de aprendizaxe (DUA) dentro da aula.

- Ao ser un centro de titularidade pública, é un centro aconfesional, amosándose respectuoso cara ás confesións relixiosas de cada membro da comunidade educativa, por iso nas actividades que desenvolva terá especial coidado no respecto ás diferentes alternativas relixiosas que o alumnado poida amosar.

- Potenciará no alumnado:

▶▶ A preparación para participar na vida social:

1. a través da formación para a paz e a interculturalidade, a cooperación e colaboración, o respecto, a solidariedade dentro dun marco de respectos dos dereitos e da liberdade,
2. a través do coñecemento adecuado de Galicia: a súa cultura, idioma, tradicións,... que lle permitan participar activamente na vida galega e recoñecer e asentar a propia identidade
3. así como do coñecemento da cultura española, europea e universal.

▶▶ A preparación para a vida en democracia sabendo respectar as opinións discrepantes, asumindo responsabilidades e implicándose activamente na boa marcha do grupo/centro.

▶▶ A preparación para a mellora da calidade de vida a través da educación para a saúde, a educación afectivo-sexual, a educación viaria, a análise crítica de situacións de consumismo, e sustentabilidade, do uso responsable da tecnoloxía e do coidado do medioambiente.

▶▶ A preparación para un adecuado desenvolvemento persoal a través da potenciación da autonomía e autoestima, a liberdade de expresión, a identificación persoal, a expresión da súa individualidade e propia personalidade, o autocoidado e autocontrol, a responsabilidade, o cumprimento das normas que fomenten a seguridade e o esforzo.

Pretendemos **formar persoas** que:

- Se autocoñezan e acepten para coñecer e aceptar ao resto.
- Sexan solidarias cos problemas que lles rodean e capaces de colocar por diante os intereses colectivos sobre os individuais.
- Sexan tolerantes e respectuosas coas diferenzas e contrarias a calquera tipo de discriminación
- Sexan autónomas e críticas con criterios propios e razoables de elección e libres para tomar decisións apropiadas
- Sexan membros activos para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria, saudable, sostible e democrática, ... unha sociedade mellor.
- Sexan constantes, perseverantes, que persigan o traballo ben feito e que valoren o esforzo individual e colectivo
- Que sexan creativas, orixinais, con capacidade de invención, con posibilidades de expresión persoal,...
- Que se expresen adecuadamente nas dúas linguas oficiais: galego e castelán e, polo menos, nunha lingua estranxeira (o inglés).

O **modelo educativo** do CEIP Vilaverde promoverá unha verdadeira dimensión educadora, unha función socialmente relevante e un protagonismo didáctico innovador que priorice a formación afectiva e social do alumnado dentro dun marco de valores, actitudes e coñecementos básicos necesarios para coñecer e interpretar funcional e significativamente o seu contorno, desenvolverse nel e tomar unha actitude participativa e construtiva cara ao mesmo. Apostamos por metodoloxías innovadoras que permitan desenvolver os principios anteditos que teña a súa base na aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, actividades multinivel e uso de recursos diversificados e variados.

O colexio atenderá a:

- O desenvolvemento das competencias clave en todo o alumnado a través das opcións metodolóxicas, organizativas e de recursos máis adecuadas e que atendan á diversidade de acordo cos documentos de centro e das programacións didácticas de cada etapa.
- A potenciación de actividades e situacións de aprendizaxe que impliquen a participación global, coordinada e conxunta de toda a comunidade educativa. Os equipos, departamentos e niveis son as unidades pedagóxicas básicas de coordinación e dinamización, corresponsabilizaranse do desenvolvemento adecuado e coordinado das actuacións pedagóxicas do centro xunto ao equipo directivo. As coordinacións vertical e horizontal serán moi importantes para o centro e para iso promoveranse os espazos e tempos necesarios que permitan o seu desenvolvemento efectivo.
- O fomento da convivencia escolar a través de situacións de aprendizaxe e actividades coordinadas tanto horizontais como verticais que promovan a relación intergrupos, interniveis, interetapas, así como de titorización entre iguais, madriñados/padriñados, recreos inclusivos,....
- O enriquecemento dos elementos que configuran a tradición pedagóxica do centro tales como a súa aposta pola funcionalidade, socioconstrutivismo, integración/globalización de áreas/materias, significatividade e contextualización das aprendizaxes, a inclusión e respecto á diversidade, as relacións fluídas coas familias, a titoría compartida do alumnado, a avaliación reguladora formadora, reguladora, continua e global cuxos resultados se comunicarán eficazmente ás familias de xeito presencial (oral e por escrito segundo modelo de centro) e o aproveitamento dos recursos diversificados do contorno e do centro de xeito efectivo.
- O estudo constante de mecanismos que faciliten a equidade, a igualdade de oportunidades entre o alumnado das diferentes aulas e grupos.
- O tratamento transversal dos valores nas diferentes áreas/materias do currículo e o afondamento en temáticas relacionadas *a nivel de centro* que se recollerán nunha proposta inicial de curso e estarán relacionadas co PAT, as datas anuais e festas cíclicas do ano, as celebracións indicadas nos calendarios publicados pola administración educativa, a tradición do centro, ... *e a nivel de equipo e aula* segundo as necesidades detectadas ao principio e ao longo do curso (necesidades relacionadas coas características dos grupos, as problemáticas xurdidas, os intereses do alumnado, sucesos sociais do momento, novos descubrimentos, personaxes,...)
- O Fomento da idea de comunidade escolar integrada, coordinada e implicada co centro.
- A potenciación dunha xestión de centro baseada nos principios de responsabilidade, igualdade, legalidade, liberdade, xustiza, respecto, cooperación, participación, convivencia e na eficiencia.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

O centro consta das seguintes zonas distribuídas en 16.720 m² aproximadamente:

Edificacións:

Pavillón de Dirección:

Aula música
Despachos
Sala de arquivos
Comedor

Pavillón de Aulas Planta Baixa:

Aulas
Titorías
Biblioteca
Cociña
Aula de psicomotricidade.
Almacén pezas
Almacén Pintura
Sala de Caldeiras

Pavillón de Aulas Planta Alta:

Aulas
Informática
Sala de Profesorado
Almacén
Titorías

Pavillón de Aulas de 4º E.I.:

Aulas
Titoría

Pavillón de Ximnasia:

Vestuarios
Almacéns
Despacho
Ximnasio

Zonas exteriores:

Pistas de xogos descubertas.
Pista polideportiva cuberta
Pavillón cuberto

Horto escolar

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

HORARIO DOS GRUPOS	LUNS- VENRES	09.00 - 14.00 H.
---------------------------	---------------------	-------------------------

RECREO	LUNS- VENRES	11.45 - 12.10 H.
HORARIO PROFESORADO TARDE	MARTES	16.00 -19.00 H.
HORARIO DO PLAN MADRUGA	LUNS- VENRES	07.30-09.00 H.
HORARIO DE COMEDOR	LUNS- VENRES	14.00-16.30 H.
HORARIO DAS ACTIVIDADES EXTRA ESCOLARES	LUNS- VENRES	16.00-18.00 H.
HORARIO DE TARDE NA BIBLIOTECA	LUNS- VENRES(AGÁS MARTES)	16.00-18.00
HORARIO DE SECRETARÍA	DE SETEMBRO A XUÑO MES DE XULLO	9 A 14 H. DE 10.00 A 13.00 H.
HORARIO DE DIRECCIÓN	LUNS, MÉRCORES E XOVES	DE 9 A 9.50 H.
	LUNS E VENRES	E DE 13.10 A 13.30

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

O CEIP Vilaverde-Mourente escolariza alumnas e alumnos de educación infantil e educación primaria. Contamos con 19 grupos, 12 de E. Primaria e 6 de E. Infantil, 2 grupos por nivel. O noso centro está adscrito ao IES Frei Martín Sarmiento.

ÁREA DE INFLUENCIA

A totalidade da parroquia de Mourente da que se desagrega aquel alumnado que vive próximo á estrada de Ourense e todos os lugares que queden á esquerda da mesma tomando a dirección Pontevedra-Ourense, que son do ámbito de influencia da EEI Fina Casalderrey para Infantil e do CEP Marcos da Portela para Primaria, os dous de Monteporreiro, en concreto nos referimos aos lugares de Monte, Cons, Areais, Casas Novas, Laxiñas, Santa Margarida, Os Campos, Outeiro, A Seca e Costado.

Ademais a zona de influencia abarca, no casco urbano de Pontevedra as rúas Loureiro Crespo (números pares) dende a ponte do ferrocarril ata o final, Avenida de Lugo (números pares), Vivendas dos Salgueiriños, Estrada, praza da Zanfona, rúa da Música, rúas Rafael Dieste, José Adrio Barreiro, Rodríguez Seoane, Santa Teresa de Jesús Jornet, Mirabeles, Francisco Tomás y Valiente, Avenida Conde de Bugallal, Rúa da Parda, Rúa dos Montes, Alcalde García Filgueira, Pintor Laxeiro, Pedra do Lagarto, Camposanto, Gaitero Ricardo Portela, Abundancia, Diego Sarmiento de Acuña, Avenida Juan Carlos I, Pintora Maruxa Mallo , San Mauro e rúa Losada Diéguez.

Zonas limítrofes:

Son zonas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEP Marcos da Portela, EEI Fina Casalderrey, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Álvarez Limeses, CEIP de Marcón e CEIP Santo André de Xeve.

3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro dispón de servizo de Plan madruga e comedor que está organizado e supervisado pola empresa ARUME e xestionado pola FANPA, prestan un servizo de catering.

Horario do Plan Madruga: 07.30-09.00

Horario de comedor: 14.00-16.30

O centro dispón de servizo de transporte xestionado pola Xunta de Galicia.

Ruta	Itinerario/Paradas
1. Ruta 1: Pintor Laxeiro 32/Farmacia - Río Tarxeta identificativa azul Ruta: ED361430	<ul style="list-style-type: none">• Tabacalera (Pintorlaxeiro)• A Parda• Conde Bugallal 65• Río
2. Ruta 2: Rúa Estrada_1-Pasarela Tarxeta identificativa rosa Ruta: ED361432	<ul style="list-style-type: none">• Rúa Estrada-1• Rúa Estrada-2• Pasarela
3. Ruta 3. Avda de Lugo-Av. Virxinia Pereira R. (enfrente esq. Ricardo Portela). Tarxeta identificativa vermella Ruta: ED361429	<ul style="list-style-type: none">• Avda Lugo• Av. Virxinia Pereira R./ Colexio Sagrado.• Av. Virxinia Pereira R. (enfrente esq. Ricardo Portela)
4. Ruta 4. Avda Lugo-Frigoríficos Pontevedra Tarxeta identificativa amarela Ruta: ED361428	<ul style="list-style-type: none">• Avda de Lugo• Av. Virxinia Pereira Renda (Conservatorio)• Edificio Sunday• Frigoríficos Pontevedra
5. Ruta 5 Av. Virxinia Pereira Renda -Cruce Ctra. Pte. Caldelas Tarxeta identificativa verde Nº contrato 99PO0364	<ul style="list-style-type: none">• Av. Virxinia Pereira R./ Colexio Sagrado• Av. Virxinia Pereira Renda (Rotonda,esq. Librería)•CruceCtra. Pte. caldelas
6. Ruta 6 Rotonda Montecelo-A Barcia Tarxeta identificativa branca Nº contrato:99PO0327	<ul style="list-style-type: none">• Rotonda Montecelo• Cruce Avda. Montecelo con Vilaverde• Igrexa Mourente

	<ul style="list-style-type: none"> • Casas Novas • O Pazo • Eirós I • EirósII • A Raxeira • Freixeiro • Freixeiro cruce • Freixeiro despois lavadoiro
7. Ruta 7 J. Carlos I (Carglass)- Tarxeta identificativa marrón Nº contrato 99PO0336	<ul style="list-style-type: none"> • J. Carlos I (Carglass) • J.Carlos I (Esquina Ricardo Portela) • J. Carlos I(Sagrado Corazón) • Pasarela (parada bus/R. 12 de novembro)

3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA-FANPA. CURSO19-20			
DÍA	HORARIO	ACTIVIDADE	ESPAZO
LUNS	16:00 a 17:00	BALONCESTO	PAVILLÓN/PATIO EXTERIOR
MARTES	16:00 a 17:00	INGLÉS	AULA DE RELIXIÓN
MÉRCORES	16:00 A 17:00	PATINAXE	PAVILLÓN/PATIO EXTERIOR
XOVES	16:00 a 17:00	INGLÉS	AULA DE RELIXIÓN
VENRES	16:00 a 18:00	BALONCESTO/ MULTIDEPORTE	PAVILLÓN/PATIO EXTERIOR

3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación enténdese como un instrumento de mellora e calidade do centro, de aí que se avalíe para modificar aquilo que cumpra.

A autoavaliación do centro converterase nunha actividade permanente e continua que terá repercusións na práctica docente.

Todos os documentos do centro serán avaliados trimestral e anualmente, recollendo as propostas de mellora que se precisen. Os datos aparecerán nas respectivas memorias.

A avaliación servirá para comprobar os acertos e os erros na consecución dos obxectivos previstos, de acordo con isto avaliaranse todos os elementos presentes neste documento e máis concretamente:

- a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades e cumprimento. Adecuación metodolóxica.
- b) Planificación das tarefas, programacións e dos documentos. Dotación e distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración, consecución dos obxectivos.
- c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso, coordinación e aprobación de acordos. Implicación das e dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación entre alumnado, e entre este e o profesorado,...

A avaliación é unha recollida de datos ou información sobre as dificultades, progresos e posibilidades de mellora de todas as partes que interveñen no proxecto educativo, será un medio que nos permita contemplar como evolucionan os factores fundamentais deste proxecto, coa finalidade de ir mellorando, farase unha avaliación tanto cuantitativa como cualitativa, pero primarase esta última. A avaliación deberá ter en conta todos os aspectos do proxecto.

Avaliaremos: a coherencia e viabilidade do proxecto, o deseño dos plans e documentos do centro e a súa coherencia co proxecto educativo, o cumprimento dos obxectivos, a implicación da comunidade escolar, a metodoloxía de traballo, o desenvolvemento das programacións, os recursos humanos e materiais utilizados, a organización e funcionamento do centro, a utilidade e cumprimento das normas, a coordinación, a comunicación con organismos e administración educativa, ...

Cada elemento implicado elaborará a final de curso unha memoria que entregará á xefatura de estudos do centro e que recollerá aspectos realizados, aspectos mellorables e como melloralos, aspectos que funcionaron adecuadamente, aspectos novos a ter en conta. Poderán utilizarse guións e modelos elaborados no centro e que se recollen nos diferentes plans do centro.

Revisión do proxecto educativo:

1- A memoria anual recollerá a análise e avaliación de logros acadados co desenvolvemento do proxecto educativo

2- O presente documento poderá ser modificado polo Consello Escolar, requiríndose unha maioría de, polo menos, dous terzos, mais non se poderán modificar elementos que contraveñan a lexislación vixente.

Ao avaliar o PE teremos en conta: o seu contexto, o seu deseño e obxectivos, os procesos de aplicación, os resultados.

As PXA sucesivas do centro elaboraranse a partir do PE e deben ser coherentes con el.

Ao elaborar os instrumentos de avaliación seranos útil incorporar e utilizar unha ampla gama de recursos e técnicas: entrevistas, debates, xuntanzas, análises documentais, O claustro e o consello escolar avaliarán en coordinación co Equipo Directivo.

Son indicadores de eficiencia na análise do centro: emprego do tempo, aproveitamento dos recursos humanos dispoñibles, explotación dos recursos materiais, a coordinación, a convivencia o uso dos medios económicos.

Son indicadores de funcionalidade: a coherencia do deseño, a oportunidade das estratexias realizadas, o clima relacional, a participación dos membros da comunidade, o liderado exercido polo equipo directivo,...

De forma máis pormenorizada interesa estudar:

- Infraestruturas e equipamentos: o obxectivo é observar a adecuación ás esixencias lexislativas e metodolóxicas. Realizarase polo equipo directivo e equipos de profesorado ao comezo e final de curso.

- Profesionais do centro: de cara a indicar se o persoal é suficiente para dar resposta ás necesidades do centro de acordo cos principios educativos que defende. O equipo directivo recollerá os datos descritivos necesarios e recollerá o analizado polo claustro de profesorado e os equipos/departamentos. Realizarase ao comezo e final de curso.

- Alumnado. Avaliarase polo profesorado segundo o recollido na concreción curricular, tendo en conta a diversidade e a función reguladora da aprendizaxe desta avaliación. Os datos globais analizaranse ao final de curso e faranse propostas de mellora.

- Organización de tempos, espazos e recursos: O claustro valorará estes aspectos e farase proposta de mellora de cara ao curso seguinte

A AUTOAVALIACIÓN. O PLAN DE AVALIACIÓN INTERNA DO CENTRO:

- O centro planificará o proceso de avaliación baixo a coordinación do equipo directivo.

- Anualmente distribuiranse de forma coherente e secuenciada as dimensións a avaliar en cada un dos ámbitos

- A análise dos resultados farase cada fin de curso

- A PXA recollerá a secuencia, os obxectivos específicos, contidos e procedementos do plan

- Na memoria anual recolleranse as conclusións e propostas de mellora.

- A avaliación do proceso de aprendizaxe-ensino incluírá varios aspectos como os resultados escolares do alumnado e o seu nivel de competencia, a valoración da adecuación dos obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, a adecuación metodolóxica e do deseño de actividades, situacións de aprendizaxe e programas.

Avaliación interna		
PROCESO DE APRENDIZAXE E ENSINO	<ul style="list-style-type: none"> - Grao de consecución dos obxectivos xerais - Desenvolvemento das programacións - Cumprimento dos horarios - Eficacia dos programas educativos 	<ul style="list-style-type: none"> - Programacións - Avaliación - Coordinación de niveis e centro - Apoios e reforzos - Grao de aprendizaxe do alumnado - Horarios - Espazos, recursos e materiais.
ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Mellora, adaptación e revisión do PE e NOFC - Participación en xuntanzas - Coordinación - Organización de grupos e espazos - Xestión de orzamentos - Establecemento de bo clima de convivencia 	<ul style="list-style-type: none"> - Calendario de xuntanzas para actualización e revisión de documentos de centro - Normas de convivencia - Dotar de funcionalidade aos espazos e recursos - Xestionar eficazmente a economía do centro - Respectar as normas de convivencia
RELACIÓNS CO ENTORNO	<ul style="list-style-type: none"> - Implicación da comunidade educativa, ambiente familiar, participación e colaboración 	<ul style="list-style-type: none"> - Información permanente coas familias - Reunión E. directivo/ANPA/ Concello - Coordinación co IES e outros centros - Programación de actividades que

	con asociacións e institucións - Participación, eficacia e resultados das actividades complementarias e extracurriculares	contribúan ao desenvolvemento da convivencia e competencias básicas
PROCESOS DE AVALIACIÓN, INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN	- Participación en diversas actividades de formación do profesorado - Innovación pedagóxica, programas, materiais, utilización de TIC,...	- Facilitar a asistencia a cursos de formación -Desenvolvemento de propostas formativas no centro - Programas de innovación e elaboración de materiais didácticos

4. OBXECTIVOS

A nivel xeral os obxectivos do centro poden resumirse en:

A nivel específico os obxectivos do centro poden recollese do seguinte xeito:

Obxectivo 1: Preparar ao alumnado para participar na vida social dentro dun marco de respectos dos dereitos e da liberdade.

Acción 1	Elaborar as normas de convivencia da aula e as súas consecuencias.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Que as aulas as teñan elaboradas e as apliquen.			
Responsables	Profesorado do centro			
Recursos e materiais				
Acción 2	Revisar e aplicar o NOFC do centro.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprobación e aplicación do NOFC			
Responsables	Equipo directivo e equipo de profesorado			
Recursos e materiais				

Obxectivo 2: Preparar ao alumnado para participar na vida social a través do coñecemento da propia cultura e identidade e a interculturalidade

Acción 1	Participar nas celebracións relacionadas coas festas anuais e da zona.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Participación de todo o alumnado			
Responsables	Profesorado do centro			
Recursos e materiais				
Acción 2	Inserir no currículo traballado nas aulas aspectos da cultura propia e aspectos interculturais.			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Ter ao longo do trimestre temáticas relacionadas coa cultura da contorna e doutros países			
Responsables	Equipo de profesorado			
Recursos e materiais				

Obxectivo 3: Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo para potenciar a responsabilidade dos alumnos e das alumnas, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

Acción 1	Traballar en equipos cooperativos. Proporcionar ao alumnado metodoloxías e estratexias de traballo que garantan o desenvolvemento das súas capacidades (atención- escoita activa, concentración, planificación e control do proceso) e poidan provocar melloras no seu rendemento académico.			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Emprego de diferentes metodoloxías en todas as aulas: proxectos, traballo colaborativo e cooperativo, ámbitos de aprendizaxe, actividades multinivel... que aumenten a motivación e o protagonismo do alumnado no proceso de aprendizaxe e contribúan ao desenvolvemento de competencias clave.			
Responsables	Departamento de orientación-Equipo de profesorado			
Recursos e materiais				
Acción 2	Elaborar proxectos, exposicións grupais, charlas ...Espertar no alumnado a curiosidade, a motivación e as ganas de aprender a pensar e reflexionar para entender o mundo que o rodea.			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Elaboración dalgún proxecto en cada unha das aulas. Desenvolver no alumnado a capacidade do esforzo autónomo e responsable para superar certas dificultades nas aprendizaxes e valorar os logros conseguidos.			
Responsables	Equipo directivo e equipo de profesorado			
Recursos e materiais				
Acción 3	Promover a formación do profesorado en proxectos e aprendizaxe cooperativa que contribúan a desenvolver habilidades e competencias.			
Indicador	Solicitar formación en centros.			
Responsables	Equipo directivo e equipo de profesorado			

Recursos e materiais	
----------------------	--

Obxectivo 4: Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

Acción 1	Traballar as habilidades sociais:1 Prevención dos conflitos a través de estratexias e ferramentas de coñecemento e cohesión dos grupos: presentación, comunicación, escoita activa e consenso. 2 Mesas e espazos de negociación entre iguais. 3 Equipos de mediación.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
